

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 26 DE XUÑO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00028353K.

|Aprobación de acta de sesión anterior|

Apróbase a acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 19 de xuño de 2023.

2. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00008362T.

|Licenza de OBRAS para instalación de campamento de turismo de autocaravanas na Rúa de San Marcos, 52 |

Acórdase conceder licenza de OBRAS para instalación de campamento de turismo de autocaravanas na RÚA DE SAN MARCOS, 52, con referencia catastral 1689512NH4419B0001QJ, segundo Proxecto técnico asinado polo arquitecto Ángel Alonso Méndez, cun orzamento de execución material de 118.390,00 €, baixo a dirección de obra do proxectista e dirección de execución do arquitecto técnico Alejandro Ulla Rivas.

As instalacións consistirán na construción de edificio de planta baixa destinado a oficina-recepción e venta de produtos de primeira necesidade de 9,63 m2; un edificio de servizos de planta baixa, de 84,38 m2; 30 parcelas para a estancia de autocaravanas; viario interior e punto limpo de 4,10 m2, cunha superficie total construída de 98,11 m2.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00005276L.

|Licenza para a construción de vivenda, peche parcela e piscina en Portela de Vilvestro, 42. |

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, cun orzamento de execución material de 152.335,00 €, a construción de vivenda, peche de parcela e piscina en Portela de Vilvestro, 42 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00021830F.

|Instalación piscina na rúa Aragón, 6. |

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira, cun orzamento de execución material de 10.230,00 euros, a instalación dunha piscina prefabricada de uso privado na Rúa Aragón 6, Santiago de Compostela (A Coruña), Parcela Referencia Catastral 1291234NH4419A0000ZU.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00038233S.

|Movementos de terras e recheo de finca sita en Casa Vella da Parroquia de San Paio de Sabugueira. |

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Rodrigo Currás Torres presentado o 18/07/2022 e documentación presentada por Rexistro do Concello en data 29.11.2022 e 28.02.2023, cun orzamento de execución material de 1.500,00 €, o movementos de terras e recheo de finca sita en Casa Vella da Parroquia de san Paio de Sabugueira, Santiago de Compostela (A Coruña), coas seguintes condicións:

☐ De apareceren restos arqueolóxicos no transcurso das obras, comunicarase de contado á sección de arqueoloxía municipal e á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para o establecemento das medidas de protección oportunas.

☐ O cumprimento das condicións que se indican no punto 2.2. e coa observancia dos criterios desenvolto no punto 2.1 da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na data 27/02/2023.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00019504P.

Aceptar cesión de viario e licenza proxecto básico demolición de edificación e construción de edificio para vivenda, garaxe e estudo na rúa Pablo Leis, 16A.

Acórdase aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 07/01/2022 outorgada ante o notario don Manuel Remuñán López co número de protocolo 40. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Así mesmo, acórdase conceder licenza para o proxecto básico redactado polo arquitecto José Carlos Iglesias Fernández cun orzamento de execución material de 146.158,35 €.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00017980K.

Licenza para o parcelamento na rúa de Muros, 118.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola José Ramón Pardo Pardo, de data de visado do 03/04/2023, a parcelación na Rúa de Muros, 118 Santiago de Compostela (A Coruña), Parcela Referencia Catastral 1874109NH3417D, en dúas parcelas de 801 m2s cada unha.

8. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: XUNTAS COMPENSACIÓN.

Designación de representante municipal nas Xuntas de Compensación e demais Entidades urbanísticas colaboradoras

Acórdase DESIGNAR como REPRESENTANTE MUNICIPAL NAS XUNTAS DE COMPENSACIÓN E DEMAIS ENTIDADES URBANÍSTICAS COLABORADORAS que actúan baixo a tutela do Concello de Santiago ao concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica, don IAGO LESTEGÁS TIZÓN.

9. DEPORTES. Referencia: 2023/00014516F.

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Sociedade Deportiva Compostela, para o ano 2023.

Acórdase aprobar o borrador de convenio co CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA; e aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 65.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890018, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 9 de marzo de 2023.

10. DEPORTES. Referencia: 2023/00014515Y.

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Gallega de Kárate y D.A, para o ano 2023.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa FEDERACIÓN GALLEGA DE KÁRATE Y D.A.

2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 5.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890016, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 9 de marzo de 2023.

11. DEPORTES. Referencia: 2023/00014511W.

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Judo e Deportes Asociados, para o ano 2023.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E DEPORTES ASOCIADOS.

2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 6.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890014, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 9 de marzo de 2023.

12. DEPORTES. Referencia: 2023/00028416S.

Aprobación das bases reguladoras da convocatoria de cesión de usos das instalacións deportivas municipais para actividades deportivas (adestramentos) e actividades físicas durante a tempada 2023/24.

Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de cesión de usos das instalacións deportivas municipais para actividades deportivas (adestramentos) e actividades físicas durante a tempada 2023/24.

13. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2023/00025737G.

Finalización da convocatoria de 06/10/2021 (BOP núm. 191) pola que se convocaron subvencións á rehabilitación ao abeiro do Plan de Vivenda 2018-2021 correspondente á fase 7 da ARRU dos grupos de vivendas "Compostela e Cardeal Quiroga Palacios" do barrio de Pontepedriña

Acórdase:

Primeiro. Declarar deserta a convocatoria de subvencións á rehabilitación ao abeiro do Plan Estatal de vivenda 2018-2021 correspondente á fase 7 da área de rexeneración e renovación urbana dos grupos de vivendas "Compostela e Cardeal Quiroga Palacios" do barrio de Pontepedriña do Concello de Santiago de Compostela aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2021 e publicada no BOP núm.: 191 de 6/10/2021 ao non constar solicitudes presentadas.

Segundo. Acordar a finalización da convocatoria de subvencións á rehabilitación ao abeiro do Plan Estatal de vivenda 2018-2021 correspondente á fase 7 da área de rexeneración e renovación urbana dos grupos de vivendas "Compostela e Cardeal Quiroga Palacios" do barrio de Pontepedriña do Concello de Santiago de Compostela aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2021 e publicada no BOP núm.: 191 de 6/10/2021.

Terceiro. Anular as operacións contables polos importes relacionados de seguido correspondentes á aplicación orzamentaria 2023 050 152207800001 coa finalidade de repoñer crédito na aplicación orzamentaria referida facendo posible a realización de novas convocatorias: 86.400,00 euros.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00019583Z.

Aprobación do expediente denominado "Alugueiro dun local para destinalo a uso sociocultural e asociativo dos veciños do barrio de Guadalupe, sito no baixo do edificio nº 1 da rúa Celso Emilio Ferreiro".

Acórdase:

Primeiro.- Aprobación do expediente denominado "Alugueiro dun local para destinalo a uso sociocultural e asociativo dos veciños do barrio de Guadalupe, sito no baixo do edificio no 1 da rúa Celso Emilio Ferreiro".

Segundo.- A vixencia do contrato deste aluguer será de 3 ANOS, iniciándose o 1 de xullo de 2023. Unha vez transcorrido o dito prazo, este contrato poderase prorrogar anualmente previo acordo de ambas partes.

Terceiro. O prezo da renda mensual será de 341,37 €, IVE excluído. O IVE (21 % da cantidade anterior) é de 71,69 € o que fai un importe total mensual de 413,06 €. Este importe será revisado anualmente, conforme as variacións que experimente o índice

xeral de prezos ao consumo.

O gasto irá con cargo á partida do orzamento municipal No 050 33403 2020000 reservándose as cantidades seguintes en función das diferentes anualidades e quedando condicionado, por tanto, á inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2023 (01/07/2023 ata 31/12/2023): 2.478,36 euros.

Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 31/12/2024): 4.956,72 euros.

Anualidade 2025 (01/01/2025 ata 31/12/2025): 4.956,72 euros.

Anualidade 2026 (01/01/2026 ata 30/06/2026): 2.478,36 euros.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00054767N.

Adxudicación do contrato do “Servizo de mantemento e conservación do Monte Viso de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Primeiro: Excluir a SERVINSERTA EIL SLU, por non cumprir cos requisitos exixidos nos pregos para ser adxudicataria do contrato ao non acreditar a solvencia técnica mínima exixida nos pregos.

Segundo: Adxudicarlle, por ser a súa oferta a seguinte na orde de prelación, o contrato que ten por obxecto o Servizo de mantemento e conservación do Monte Viso de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, consonte o establecido na D.A. 4a da Lei 9/2017 de contratos do sector público a COREGAL PARQUES E XARDÍNS, S. L, que oferta unha porcentaxe de baixa xeral sobre os prezos unitarios establecidos nos pregos dun 4,00 % e reúne os requisitos exixidos no PCAP para ser adxudicataria do contrato.

Ademais, comprométese a entregar 4.000 árbores para a reposición no ámbito da actuación do contrato, sen custos adicionais para o Concello, nos termos establecidos na cláusula 10.2 B) do PCAP.

Desígnase como responsable do contrato o engargado-xefe de Parques e Xardíns Gregorio López Albardonedo, de acordo coa cláusula 19 do PCAP.

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 2279900 na que existe crédito adecuado e suficiente.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00019471V.

Devolución da fianza constituída para responder do contrato de “Servizos para o mantemento do módulo AYTOSFACTURA da xestión contable e orzamentaria SICALWIN”.

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS SLU , por importe de 280,00 euros para responder do contrato de “Servizos para o mantemento do módulo AYTOSFACTURA da xestión contable e orzamentaria SICALWIN”.-EXPTE CON/2/2017.

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00028444C.

Proposta sobre a asunción pola Asesoría Xurídica da representación e defensa do Concello nas dilixencias previas 1522/2018, tramitadas polo Xulgado de Instrución nº 3 de Santiago de Compostela.

Autorízase á Asesoría Xurídica

-. Primeiro, ao persoamento nas Dilixencias Previas-Proc. Abreviado 1522/2018 do Xulgado de Instrución nº3 de Santiago de Compostela para ter coñecemento destas, autorizando a asunción da defensa e representación do Concello.

-. Segundo, a contratación con carácter excepcional dun procurador/a ao obxecto de asumir a representación procesual do Concello, dado o volume de documentación que hai que manexar e o retraso da posta en coñecemento da Asesoría Xurídica destas

actuacións.

-. Terceiro, unha vez analizada e decidida a estratexia procesual a seguir no seu caso, ben formular acusación ou ben adherirse á do Ministerio Fiscal.

18. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00028353K.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 09 a 22 de xuño de 2023.

URXENCIAS

1. Convalidación da omisión da función interventora e aprobación de varias facturas por gastos de telefonía.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de vinte seis mil cincuenta e catro euros e noventa e seis céntimos (26.054,96 euros), segundo a relación de facturas S/2023/171, que figuran no expediente, en concepto de catro (4) facturacións polos servizos de telecomunicaciónsvo-datos e cloud correspondente ao período de febreiro e abril de 2023.

Terceiro.- Dispor a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.